



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Resolución nº 2020/38771 de data 26 de novembro de 2020 pola que se avoca a competencia para modificar as bases reguladoras da convocatoria de axudas PEL- Reactiva: fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña

ANUNCIO

PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

RESOLUCIÓN Nº 2020/38771 DE DATA 26 DE NOVEMBRO DE 2020 POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA MODIFICAR AS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Mediante Resolución desta Presidencia nº 16643 de 30 de xullo de 2015 delegouse con carácter xeral na Xunta de Goberno a competencia para a aprobación das bases reguladoras de subvencións.

Por Resolución de Presidencia 2020/23462 de 31/07/2020 aprobáronse as bases reguladoras do Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña (PEL-REACTIVA).

Por Resolución de Presidencia 2020/24109 de 07/08/2020, modifícase a Resolución de Presidencia 2020/23462, incluíndo os anexos correspondentes.

Por Resolución de Presidencia 2020/24338 de 12/08/2020 apróbase a convocatoria de axudas PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, finalizando o prazo de presentación de solicitudes o día 9 de outubro ás 14:00 h (Publicada no BOP nº132 de 18/08/2020)

Tendo en conta a urxencia e a necesidade de que os concellos destinatarios teñan coñecemento á maior brevidade posible da modificación das bases reguladoras e que a próxima Xunta de Goberno celebrárase previsiblemente no mes de decembro.

RESOLVO:

1.- Avocar a competencia que con carácter xeral foi delegada por esta Presidencia mediante Resolución nº 16643 de 30 de xullo de 2015 na Xunta de Goberno, para modificar as bases reguladoras da convocatoria de axudas PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.

2.- Modificar as bases reguladoras da convocatoria de axudas PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, aprobadas por Resolución de Presidencia 2020/23462 de 31/07/2020, modificada por Resolución de Presidencia 2020/24109 de 07/08/2020, nos termos que se transcriben de seguido:

- Norma 11. PRAZO DE XUSTIFICACIÓN E PAGO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLOS CONCELLOS

Onde di:

“O prazo de xustificación para os beneficiarios/as das subvencións concedidas polos concellos adheridos ao Fondo de Financiamento, será de 1 mes, a contar desde a notificación da súa concesión”

Debe dicir:

“O prazo de xustificación para os beneficiarios/as das subvencións concedidas polos concellos adheridos ao Fondo de Financiamento, será como data máxima, o 31 de marzo de 2021”

Base 4.2. Requisitos das persoas beneficiarias**Onde di:**

“Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa CC.AA. de Galicia e coa Deputación da Coruña”

Debe dicir:

“Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa CC.AA. de Galicia”

- Base 4.3 Documentación que se ha presentar**Onde di:**

“ -Beneficiarios/as do Grupo II:

· Ademais da documentación indicada para o Grupo I, acreditación da redución de ingresos dende os seis meses previos á declaración do estado de alarma e ata a data de presentación da solicitude da axuda, mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos: copia do libro de rexistro de facturas, libro diario de gastos, libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos, ou declaración de IVE, IRPF.”

Debe dicir:

“ -Beneficiarios/as do Grupo II:

· Ademais da documentación indicada para o Grupo I, acreditación da redución de ingresos no segundo trimestre fiscal de 2020, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos: copia do libro de rexistro de facturas, libro diario de gastos, libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos, ou declaración de IVE, IRPF.”

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

A Coruña, 27 de novembro do 2020.

O Presidente

Valentín González Formoso

O secretario

José Luis Almau Supervía

2020/8902